

# Memoria de Oroso

REVISTA DO ARQUIVO HISTÓRICO DE IMAXES DO CONCELLO DE OROSO

Primeiro número, 2015



> 1 SIGÜEIRO DE ONTE A HOXE



> 2 CINCO PERSOEIROS HISTÓRICOS DO CONCELLO DE OROSO



> 3 SAN ROMÁN, O SANTO MILAGREIRO



> 4 JOSÉ ANTONIO NOYA OU A PAIXÓN POLO SIGÜEIRO FC



> 5 DOCUMENTOS DA FAMILIA GARRIDO



> 6 FOTOS CON HISTORIA



CONCELLO D  
**OROSO**  
www.concellooroso.com

Inauguración da Casa do Concello de Oroso en abril de 1984.  
*Fotografía cedida por J. Daniel Liste Moscoso.*



**Memoria de Oroso** é o resultado do traballo desenvolvido no **Arquivo Histórico de Imaxes do Concello de Oroso**.  
Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa  
Rúa da Cultura, 1 (Sigüeiro) 15888 Oroso - A Coruña

Responsable da edición:  
**Manuel Pazos Gómez**  
(Documentación, selección de imaxes e texto).

Edita:  
**Concello de Oroso**

Depósito Legal: C 609-2015

Oroso, 2015

O Concello de Oroso agradece aos veciños e veciñas a cesión das imaxes que se reproducen nesta publicación.

Non se permite a reprodución de fotografías, documentos e textos sen a autorización dos seus propietarios ou autores.

# Saúdo

O Concello que presido decidiu levar adiante o proxecto do Arquivo Histórico de Imaxes de Oroso porque pensamos que era unha iniciativa que nos axudaría a recuperar fotografías e así poder coñecer mellor o noso pasado.

Hoxe prodúceme orgullo presentar aos meus concidadáns unha parte do traballo que se desenvolve neste arquivo que medra día a día.

Esta publicación, que lle dá vida ás fotos e aos documentos que achegan os veciños e veciñas, vai contribuír ao enriquecemento da nosa cultura e do noso patrimonio histórico.

Pasarán os anos e os nosos fillos, os nosos netos e os seus descendentes historiarán sobre nós e vulgarán se fixemos o suficiente por salvagardar a maior riqueza que ten unha aldea, unha parroquia ou un concello: o seu patrimonio cultural, que é único, pero tamén universal.

A nosa conciencia dinos que facemos o que podemos e que outros terán que andar polas sendas que nós estamos abrindo paseniñamente e con moito esforzo.

As fotografías, os documentos, as imaxes antigas en xeral, dinnos de onde vimos e axúdannos a labrar o camiño que imos abrindo na vida, un camiño que ten que ser solidario, digno, de compromiso coa sociedade, para retomar a honradez de xeracións pasadas entre as que para facer un trato ou chegar a un acordo bastaba cunha palabra.

Sabemos que hai lugares e parroquias do noso concello que non están representadas nesta revista. Animamos aos seus veciños e veciñas a participar, a prestar retratos e documentos para ser partícipes en futuros números.

Xuntos, orgullosos do traballo dos nosos antepasados, continuaremos con este proxecto tan emocionante que nos achega a un tempo que non existe, pero que sucedeu e deixou as súas pegadas nos retratos e nos documentos que configuran esta nova publicación.

**Manuel Mirás Franqueira**  
Alcalde do Concello de Oroso



Manuel Mirás, nunha imaxe tomada no ano 1982.

Esta publicación, que lle dá vida ás fotos e aos documentos que achegan os veciños e veciñas, vai contribuír ao enriquecemento da nosa cultura e do noso patrimonio histórico.



Sigüeiro (en dirección A Coruña) engalanado para ver pasar a comitiva de Franco desde Lavacolla ao Pazo de Meirás. *Fotografía cedida por J. Daniel Liste Moscoso.*

# Índice

O Arquivo Histórico de Imaxes do Concello de Oroso .....	5
<i>Memoria de Oroso</i> .....	6
Proxecto Victorino Vereá Montero .....	7
1. SIGÜEIRO DE ONTE A HOXE .....	9
2. CINCO PERSOEIROS HISTÓRICOS DO CONCELLO DE OROSO .....	12
3. SAN ROMÁN, O SANTO MILAGREIRO .....	16
4. JOSÉ ANTONIO NOYA OU A PAIXÓN POLO SIGÜEIRO FC .....	21
5. DOCUMENTOS DA FAMILIA GARRIDO .....	26
6. FOTOS CON HISTORIA .....	36
M <sup>a</sup> Amelia Garza del Río .....	38
Manuel Gómez López .....	42
J. Daniel Liste Moscoso .....	44
M <sup>a</sup> Carmen Liste Raña .....	48
Rebeca Pazos Maroño .....	50
Diego Ríos Noya .....	54
Eduardo Veiras Rey .....	58

# O Arquivo Histórico de Imaxes do Concello de Oroso

Desde o Concello de Oroso pretendemos rescatar, documentar e pór en valor o legado que nos deixaron os nosos antepasados en forma de imaxes.

Comprometidos coa recuperación da nosa memoria colectiva, decidimos iniciar un proxecto para preservar e garantir que este valioso patrimonio cultural non se perda e chegue ás futuras xeracións.

O obxectivo que nos marcamos é o de rescatar e dar a coñecer o noso pasado común coa fin de que todos nos sintamos partícipes dunha comunidade que está en constante evolución.

No outono do ano 2012 fíxose público o proxecto de crear un arquivo histórico de imaxes para posteriormente dar a coñecer o seu fondo mediante publicacións ou a pro-

gramación de exposicións. A través dun díptico que editamos convidamos a participar no proxecto a toda a poboación para que prestara as súas fotografías.

Foron moitos os veciños e veciñas que se achegaron ao arquivo para informarse do proxecto e para colaborar achegando fotografías, pero tamén outra tipoloxía de documentos que coidamos gardan un gran valor histórico por constituír a memoria gráfica do pasado: documentos textuais como recibos, xornais, revistas, correspondencia... E outros moi diversos, tanto públicos como privados. É por este motivo polo que decidimos escanear, almacenar e pór en valor este tipo de fontes documentais que, en principio, non contabamos encontrar.

**Presta as túas fotos vellas...  
Escolle como colaborar:**

**Trae** as fotos orixinais para escanearlas (facerlles unha copia dixital) ao CENTRO CULTURAL "FERNANDO DE CASAS E NOVOA" (ao lado do Concello de Oroso, en Sigüeiro, en horario de tarde)

**Manda** un correo para recibir información e posteriormente poder enviar as túas fotos a: [arquivoimaxes@concellooroso.com](mailto:arquivoimaxes@concellooroso.com)

**Chama** polas tardes ao teléfono 981 690 903 e deixa o teu enderezo; nós ocupáremonos de recoller as túas fotografías e posteriormente devolvélas.



**Colabora** **é-memoria**  
[www.manuelpazos.milp](http://www.manuelpazos.milp)  
O País da Nebosa

**Promove** **CONCELLO DE OROSO**

## Arquivo histórico de imaxes Concello de Oroso



**CONCELLO DE OROSO**

As fotografías e vídeos antigos constitúen a memoria gráfica do pasado e son testemuño da nosa evolución e dos cambios tecnolóxicos e sociais que nos trouxeron aos nosos días. O Concello de Oroso quere conservar a memoria, as emocións, a nostalgia, os recordos... que gardan as fotos vellas. Por iso pretendemos, coa xenerosidade dos veciños e veciñas de todos os lugares do concello, recuperarlas dos caixóns, dos álbums familiares... e crear un arquivo de fotos antigas de todo o concello.

Esta é unha proposta ilusionante... Coa túa axuda recuperaremos e garantiremos que este patrimonio cultural non esmoreza nunca.

CONVIDÁMOSTE e ANIMÁMOSTE a COLABORAR prestando as túas fotos vellas para poder escanearlas e facer unha copia dixital.

Deste xeito FORMARÁS PARTE do proxecto que estará, a través de libros, exposicións, Internet... á disposición de todos os veciños e veciñas de Oroso e de toda a sociedade.

Oroso, outono 2012



## Así iremos construíndo o arquivo histórico de imaxes:

- 1 Pedimos a COLABORACIÓN a todos os veciños e veciñas para que PRESTEN as súas fotos ou filmacións antigas de calquera temática. (Na maioría dos casos, as fotos devólvense ao momento).
- 2 Acordamos un DOCUMENTO de CESIÓN entre o/a propietario/a da foto e o ARQUIVO. (Neste documento figura que o/a propietario/a autoriza o seu almacenamento, reprodución e difusión, cumprindo así as disposicións legais existentes).
- 3 CATALOGAMOS, ARQUIVAMOS e INTERPRETAMOS as FOTOGRAFÍAS segundo a TEMÁTICA, DATA, LUGAR... Teremos un programa de XESTIÓN de ARQUIVOS DIXITAIS. (Garantimos a conservación das fotografías e creamos unha fonte documental para a historia do Concello de Oroso e de Galiza).
- 4 Poremos en VALOR as FOTOGRAFÍAS a través de LIBROS, EXPOSICIÓNS, ÁLBUMS DIXITAIS... (Dispoñemos dunha páxina en Internet para que o noso arquivo se poida consultar desde calquera parte do mundo!).



# Memoria de Oroso

*Memoria de Oroso* é o título da publicación para dar a coñecer unha parte do traballo realizado no Arquivo Histórico de Imaxes do Concello de Oroso. É un instrumento para pór en valor os documentos fotográficos e textuais coa intención de contribuír a crear unha memoria colectiva que nos axude a comprender, de forma obxectiva e crítica, os feitos do pasado.

A estrutura dos contidos da revista está pensada para non caer no erro de encher a publicación de fotografías e documentos textuais sen unha orde nin contexto.

**Como poden ver os lectores e lectoras, os contidos están divididos en seis apartados: os cinco primeiros son temas de interese histórico, onde se mestura o texto coas ilustracións e onde se busca unha clara finalidade pedagóxica e divulgativa.**

**No sexto tema, denominado *Fotos con Historia*, móstrase unha selección de fotos que achegaron os veciños e veciñas que acudiron expresamente ao arquivo. De cada fotografía contaron a súa historia, que serviu para configurar os pés de foto.**

O resto das instantáneas cedidas, pero que non foron seleccionadas para a súa publicación, quedan almacenadas no arquivo para formar parte do seu fondo.

**Con respecto á selección dos cinco primeiros temas, os títulos poderían ser outros, polo que en vindeiros números da revista iremos seleccionando e desenvolvendo distintos aspectos da historia do noso concello: festas tradicionais, bandas de música, grupos folclóricos, vida no campo, elementos etnográficos e arquitectónicos, historia das parroquias... Ou calquera outro asunto que suxiran os lectores.**

Debemos clarificar, como se dixo anteriormente, que a elaboración dos pés de foto realízase a partir da información que facilita a persoa que achega a fotografía, polo que os posíbeis desacertos son da súa responsabilidade.

Coa publicación da revista *Memoria de Oroso* dáse continuidade ao labor que se está realizando desde o Concello e que se materializou na edición de dúas publicacións relacionadas coas fotografías antigas:



## **Concello de Oroso. Guía Histórica en Imaxes (2004).**

Contén 308 fotografías das once parroquias de Oroso. Ademais das vistas históricas da vila de Sigüeiro, figura un resumo dos fotógrafos do concello e un achegamento á historia do concello de Oroso.

(Pode consultarse na rede:  
[www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)).



## **San Martiño de Marzoa. Imaxes para o recordo (2007).**

Inclúe 321 fotografías desta parroquia orosá.


Os contidos distribúense entre a xeografía física, humana e a historia da parroquia. O groso das fotos ilustra estes apartados: escola, comunións, casamentos, traballo, festas, emigración e Guerra Civil.

(Colgado na páxina [www.manuelpazos.info](http://www.manuelpazos.info)).

## PROXECTO

# Victorino Verea Montero

Unha das actividades máis relevantes que vai desenvolver o Arquivo Histórico de Imaxes do Concello de Oroso ao longo deste ano 2015 é o Proxecto Victorino Verea Montero.



Victorino Verea Montero, 2015.

Victorino Verea foi o primeiro fotógrafo itinerante do concello e conserva fotos en papel que realizou nas décadas de 1950 e 1960, así como negativos en cor da década de 1970 e as tres cámaras que utilizou para atender a demanda dos veciños das parroquias da contorna.

Este proxecto persegue os seguintes obxectivos:

- Recoñecer, valorar e dar a coñecer o labor e a obra de Victorino Verea.
- Documentar e arquivar a súa obra, de gran valor antropolóxico, sociolóxico e histórico, non só para o noso concello, senón para a historia do noso país.
- Coñecer e recuperar o noso pasado a través da linguaxe fotográfica que utiliza Victorino Verea nas súas fotografías.
- Converter en arte fotos sinxelas e feitas moitas delas de forma precaria. Cando Victorino fotografou as festas, as romarías, as familias numerosas... Non era consciente que estaba producindo un documento histórico que ía ter valor no futuro ao converterse en testemuño visual do pasado.

Victorino Verea naceu no ano 1927 na aldea de Cas, parroquia de San Mamede dos Ánxeles, concello de Oroso.

Polo ano 1958 un irmán, que andaba embarcado, tróuxolle dos Estados Unidos unha cámara Kodak de caixón que usaba negativos de 6x6 cm. Comeza deste xeito a súa afección e paixón pola fotografía.

Debido a que as cámaras de fotos naqueles tempos eran pouco habituais e que os veciños precisaban retratar feitos de relevancia das súas vidas, polo ano 1960 Victorino fíxose cunha cámara Zeiss Ikon para acudir ás parroquias a cubrir casamentos, bautizos, comuñóns, festas (funcións), romarías... Pero tamén situacións de máis necesidade: carnés de familia numerosa, carnés de escola, fotografías para mandar a familiares emigrados...

Victorino desprazábase polas parroquias limítrofes e realizaba sempre os retratos por encargo, que revelaba no laboratorio Bescansa de Santiago. Este laboratorio mandaba os negativos a Madrid, pois a calidade do revelado era maior. Unha vez que tiña as fotos en papel entregáballas a quen realizara a encarga, pero cobraba pouco, porque o seu medio de vida era o campo. "Aos pobres nunca lles cobrei nada", di Victorino.

No mes de febreiro de 2015 Victorino cedeulle ao Arquivo Histórico de Imaxes do Concello de Oroso unha copia do seu legado fotográfico, que até o momento está composto por:

- **60 fotografías en branco e negro da súa autoría.**
- **800 negativos en cor datados a partir do ano 1968.**

As fotografías están sendo escaneadas e os negativos positivados co fin de gardar a doazón en soporte dixital, tarefa que realiza o responsable do arquivo, Manuel Pazos Gómez.

O Proxecto Victorino Verea Montero consistirá en:

- Conservar en formato dixital o legado de Victorino Verea.
- Realizar unha selección das súas fotografías para programar unha exposición.
- Editar un catálogo coa súa biografía e unha escolma da súa obra.



Victorino Verea con Manuel Mirás o día da entrega dos negativos na sede do arquivo.



Manuel Pazos, responsable do arquivo e do proxecto Victorino Verea.



Fotografias tiradas por Victorino na súa etapa de branco e negro.



Fotografías realizadas por Victorino na súa etapa de cor.





# 1 Sigüeiro de onte a hoxe

**E**n termos xerais, Sigüeiro naceu a rentes da ponte medieval sobre o río Tambre e ao longo do Antigo Camiño Medieval (actualmente denominado Camiño Inglés) que comunica as cidades da Coruña e de Compostela.

O núcleo de Sigüeiro no lado da parroquia da Barciela, no Concello de Enfesta (anexionado ao de Santiago no ano 1962) estaba constituído pola Capela de Santa Catalina e a Fábrica de Curtidos da familia Santaló, coa súa casa residencial. Arredor destas construcións levantáronse vivendas e posteriormente a Igrexa da Barciela, que foi trasladada a principios do século XX desde o lugar de Benavente.

Posteriormente, o edificio da Capela de Santa Catalina pasou a ser cuartel da Garda Civil, mentres que o complexo formado pola fábrica de curtidos foi derrubado na súa totalidade e quedaron restos do muro e dalgunha edificación que aínda se poden apreciar. Segundo fontes orais, as pías de granito onde preparaban as peles foron soterradas nos terreos da fábrica, que pasaron a ser propiedade da familia Cambón.

O Sigüeiro do outro lado da ponte, no concello de Oroso, parte dunha encrucillada de camiños: polo Campo da Foca cruzaba o Antigo Camiño Medieval que unía A Coruña con Santiago (actual estrada xeral), pero tamén o camiño que se dirixía a Betanzos e Sobrado dos Monxes (o trazado desta vía coincidiría coa estrada da Grabanxa). Posteriormente unha estrada comunicará Sigüeiro coa estación de tren.

Este núcleo de Sigüeiro xorde arredor da Foca (onde se celebraba unha sonada feira) ao longo da estrada xeral e da estrada da Grabanxa, permanecendo o contorno rodeado de campos de labor.

A partir da década de 1980, e principalmente na década de 1990, Sigüeiro sofre un cambio considerable na súa evolución urbanística debido ao aumento de poboación e ao desenvolvemento económico.

A construción do Centro de Educación Infantil e Primaria na estrada da Grabanxa, o traslado da sede da Casa Consistorial (anteriormente situada no Igrexario de Oroso), Centro de Saúde, Pavillón de Deportes, Centro Cultural, Instituto de Secundaria, piscina municipal, polígono industrial... Van dotando de servizos aos novos poboadores de Sigüeiro que se instalan nos edificios das rúas que van configurando o plano actual da vila.

Unha segunda fase deste cambio urbanístico dáse nos últimos anos no marco do Plan Xeral de Ordenación Municipal: a creación do Paseo Fluvial do Carboeiro (con zonas verdes, pistas deportivas e parques infantís), dun novo e máis amplo Centro de Saúde, dun segundo Centro de Educación Infantil e Primaria, da Escola Infantil da Ulloa... Converten a vila de Sigüeiro nun espazo tranquilo, de traballo e de lecer con todos os servizos a disposición dos cidadáns.


Este é o antes e o agora de Sigüeiro. Algunhas das actuacións urbanísticas foron máis ou menos afortunadas, pero esta é a realidade... Evolucionamos e, no camiño da prosperidade, sempre perdemos algo.



Fotografía aérea de Sigüeiro na década de 1940.



Sigüeiro na actualidade. Da foto anterior mantéñense as principais vías de comunicación: estrada xeral A Coruña-Santiago, estrada que parte da Praza da Foca cara á Grabanxa, a que sae de Sigüeiro en dirección á Estación e o tramo do Camiño Inglés no treito final. Fonte: *Google Maps*.



Vista desde a Praza da Foca en dirección Santiago. Á dereita o Bar Veiga e a casa de Amancio Rico, na que estaba a funeraria. Na última vivenda emprazábase a farmacia. Á esquerda (detrás dos indicadores) a casa de Francisca Rico. Esta vivenda foi local de escola e antigamente un "forte carlista".

Fotografía tomada desde o mesmo lugar que a anterior.





Fonte da Praza da Foca. Ao fondo, a *Villa Carmen* ou "Casa do Carralés" (Andrés Varela Villar), Bar Veiga e a casa de Amancio Rico, onde estaba a funeraria.



Novos edificios ocupan o lugar das anteriores edificacións.



Vista en dirección A Coruña. En primeiro termo, a casa de Estrella Rico (con galería) e a de Eduardo Rico (do serradoiro, que foi destruída). Ao fondo, un edificio que se conserva na actualidade.



A casa con galería permanece coma na antigüidade.



O vello Hostal Mirás no cruce da Praza da Foca. Fotografía cedida por Concha e Estrella Mirás. Restaurada polo fotógrafo Antonio Matías.



O Hostal Mirás a principios do mes de febreiro de 2015.



Casa de Roberto Espiñeira. En realidade son dúas vivendas totalmente simétricas, nas que destacan as portas con balconadas e relevos de inspiración modernista. Á esquerda está o antigo almacén da Cros e á dereita a casa de José Ignacio Pellit. Fonte fotográfica: *Casas de Indianos*, páx. 20. Xunta de Galicia, 2000.



Un gran edificio substitúe as edificacións anteriores. (As fotografías actuais deste apartado tiráronse no mes de febreiro de 2015).

# 2 Cinco persoeiros históricos do Concello de Oroso

LOPE GÓMEZ DE MARZOA  
ANTONIO FRANCISCO DE CASTRO  
SEVERINO RAMOS SÁNCHEZ  
SEVERINO PELLIT VARELA  
ANTONIO NOUCHE COSTA

## LOPE GÓMEZ DE MARZOA

Poida que este persoeiro, que viviu entre os séculos XV e XVI, sexa oriúndo da parroquia de **Marzoa**. De non ser así, salientamos que o seu segundo apelido está tomado deste topónimo (Marzoa) que sabemos que fai referencia a esta parroquia de Oroso, pois non se repite en ningún outro sitio do país. Algúns historiadores mesmo defenden que Lope Gómez naceu na parroquia de San Martiño de Marzoa.

Da súa vida salientamos que foi notario, concelleiro en Santiago de Compostela e recadador de impostos que ían parar ao rei.

Pero quizais o máis importante que fixo Lope Gómez de Marzoa na súa vida foi a fundación no ano 1495 dun **Estudo de Gramática para estudantes pobres** que pechou no ano 1499.

Mais Lope Gómez de Marzoa non desistiu e no ano 1501 creou, xunto con Diego de Muros, un **Estudo Xeral** coñecido como **Estudo Vello**, que se mantivo até 1542; foi neste ano cando se refundiu co **Colexio Novo** ou **Colexio de Santiago Alfeo**, promovido polo Arcebispo Alonso III de Fonseca. A unión destes dous colexios (o **Estudo Vello** e o de **Santiago Alfeo**) foi o xermolo da actual **Universidade de Santiago de Compostela (USC)**.

Así pois, **Lope Gómez de Marzoa** foi un dos fundadores da Universidade de Santiago (xunto con Diego de Muros e Alonso III de Fonseca), polo que lle debemos moito a este persoeiro que sementou a sabedoría no eido universitario no noso país.

## ANTONIO FRANCISCO DE CASTRO

Naceu a mediados do século XVIII na aldea de **Sar**, na parroquia de **San Mamede dos Ánxeles**. Antonio Francisco ten parentesco coa familia De Castro, do Pazo de Meimixe.


Comezou a estudar na Universidade de Santiago as carreiras de Filosofía e despois Teoloxía, pero parece que non rematou ningunha delas.

No ano 1777, aínda que non recibise “as ordes”, vai de crego para a parroquia de **San Martiño de Fruíme**, no Concello de Lousame, debido á morte de Diego Antonio Cernadas y Castro, o famoso e comprometido “primeiro cura de Fruíme”.

Posteriormente é ordenado sacerdote e trasládase a Compostela, onde sabemos que foi abade, que vivía dunha pensión e que os seus postulados ideolóxicos (tanto



Placa da rúa dedicada a Lope Gómez de Marzoa no Campus de Santiago de Compostela.



Portada do tríptico coa biografía de Antonio Francisco de Castro, editado polo Concello de Oroso no ano 2006.

religiosos como políticos) achegábanse ao absolutismo, é dicir, partidario do goberno ditatorial do rei.

Aínda que, deixando a un lado as súas crenzas, **Antonio Francisco de Castro** pasa por ser un importante e descoñecido poeta que podemos encadrar dentro do pre-romanticismo, polo que as súas composicións caracterízanse pola afirmación do sentimento sobre a razón, exaltando as tristuras, dores e melancolías propias da forma de ser dos galegos e galegas a finais do século XIX.

Publicou varias composicións en vida, basicamente poesías e odas, e realizou traducións do latín.

Da súa obra xornalística cómpre salientar que colaborou no xornal *El Sensato* (de tendencia absolutista) e na *Estafeta de Santiago*, do mesmo signo político.

A base temática dos seus artigos era o ataque frontal ao liberalismo e o sistema democrático parlamentario que naceu coas Cortes de Cádiz en 1812.

Faleceu no ano 1825. No 1841 editáronse dúas obras que deixara escritas: *Poesías* e *Las Glorias de Galicia en la Guerra de la Independencia*.

## SEVERINO RAMOS SÁNCHEZ

O crego humanista **Severino Ramos Sánchez** naceu no ano 1863 na parroquia de Aiazo (Frades). Despois de pasar polo seminario maior de Santiago, faise cargo da parroquia da Barciela.

Por aqueles anos de cambio de século do XIX ao XX, a Igrexa da **Barciela** estaba no lugar de Benavente e atopábase moi deteriorada. Ao lado da estrada xeral, en Sigüeiro, erguíase a Capela de **Santa Catalina**.

Severino Ramos foi o artífice de transformar o lugar de **Sigüeiro** (o núcleo de poboación que actualmente está no lado da Barciela).

Unha das primeiras medidas que levou a cabo, despois de xestións de compra e permuta de terreos, foi construír unha nova igrexa próxima ao grupo de casas que se encontraban arredor da Capela de Santa Catalina e da fábrica de curtidos.

A nova igrexa (actual da Barciela) foise levantando pouco a pouco grazas aos traballos dos veciños, das doazóns e do Arcebispado, e as obras remataron o día 30 de xullo de 1917. Detrás dela deixouse terreo para o novo cemiterio parroquial, de tal xeito que o vello quedou abandonado en Benavente.

Severino Ramos reservou a súa parcela no cemiterio. Nunha placa de mármore pode lerse:

*ES PROPIEDAD DE D. SEVERINO RAMOS SÁNCHEZ,  
PÁRROCO Y FUNDADOR DE ESTE CEMENTERIO,  
IGLESIA PARROQUIAL Y CASA RECTORAL, CON  
ACARREO DE LOS FELIGRESES. AÑO 1917.*

*Las Glorias de Galicia*  
*En la Guerra de Independencia,*  
CANTADAS  
POR EL CURA DE FRUIME  
D. Antonio Francisco de Castro.




ORENSE:  
OFICINA DE D. JUAN M. DE PAZOS.  
1841.

Capa dunha das obras de Antonio Francisco de Castro.



Severino Ramos Sánchez (1863-1941).  
Fotografía cedida por Enriqueta Martínez Ramos.



Capela de Santa Catalina, derrubada a principios do século XX. Ao fondo, a casa da familia propietaria da fábrica de curtidos, rodeada por un muro. Tanto a fábrica de curtidos como a vivenda foron derruídas.



Dúas fotografías de Severino Pellit Varela (1899-1950).



Coa construción da nova igrexa, a Capela de Santa Catalina quedou sen culto e a súa estrutura arquitectónica foi mudando. Posteriormente neste edificio emprazárase o cuartel da Garda Civil e máis tarde unha vivenda familiar.

Contan as persoas máis vellas do lugar que Severino tiña un permiso especial do Arcebispado de Santiago que lle permitía casar a parellas sen que presentaran todos os documentos necesarios para a voda. Tamén conseguiu traer as reliquias de San Ramón Nonato e de Santa Eufemia para a Igrexa da Barciela.

Severino Ramos Sánchez, descendente dos **Ramos de Aiazo**, tradicionalmente vinculados aos movementos carlistas (absolutistas),

permaneceu como crego na Barciela desde o ano 1894 até o 17 de marzo de 1941, data do seu falecemento, e deixou un grato recordo pola súa humanidade e xenerosidade cara aos veciños.

## SEVERINO PELLIT VARELA

Severino Pellit Varela naceu en Sigüeiro (Oroso) no ano 1899. Despois dos seus estudos de veterinaria consegue a praza de veterinario municipal de Santiago de Compostela.

Durante a Segunda República, Severino Pellit foi secretario do **Partido Republicano Radical Socialista de Santiago** e tamén do Comité Provincial do mesmo partido na Coruña.

No ano 1933 foi elixido presidente do **Colexio de Veterinarios da Coruña** e no 1935 formou



Xuntanza de veterinarios. Severino Pellit Varela sentado, terceiro pola dereita.

parte do comité da Unión das Clases Sanitarias da Coruña, en representación da Asociación Provincial de Veterinaria, da cal saíra elixido presidente.

En 1935 pasa a formar parte do partido **Unión Republicana** e dirixente da **Fronte Popular** en Oroso.

Como consecuencia da sublevación militar contra o réxime democrático da Segunda República en xullo de 1936, e da Guerra Civil, Severino consegue refuxiarse en Portugal.

Desde este país fuxe cara a América para exiliarse en México, país no que falece moi novo, no ano 1950.

Severino Pellit foi unha persoa comprometida coa súa profesión, pero tamén politicamente, defendendo a democracia fronte á ditadura, polo que todos os demócratas estamos en débeda con el.

## ANTONIO NOUCHE COSTA

Antonio Nouche Costa naceu no ano 1924 en Bouzalonga, na parroquia de Deixebre. É o único guerrilleiro antifranquista (os denominados na nosa bisbarra como **foucellas**) do concello de Oroso. No verán do ano 1947 desertou do cuartel onde facía o servizo militar para unirse aos guerrilleiros.

O *Soldado de Deixebre*, como era o seu alcume, foi membro do destacamento Enrique Lister da **IV Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galiza**.

Morreu o día 4 de marzo do ano 1948 nun enfrontamento coa Garda Civil en Carres (Cesuras). Ese día a Garda Civil matou a catro persoas máis dunha familia que acollía na súa casa unha partida de guerrilleiros.

Como castigo por unirse á guerrilla, as autoridades franquistas ordenaron rexistrar a casa da familia en Bouzalonga e varios parentes, alleos aos feitos, sufriron cárcere na Coruña e desterro na provincia de Soria.



Cuño da Xefatura do Exército Guerrilleiro de Galiza.

# 3 San Román, o santo milagreiro.

O rito de “poñer o santo” mantense vivo na parroquia de Pasarelos

**N**a parroquia de San Román de Pasarelos segue vixente un dos ritos máis importantes do patrimonio antropolóxico de Galicia.

Este ritual nace como resposta que dan a nivel popular as persoas que sofren situacións cuxa orixe é descoñecida. Teremos en conta que hai décadas a poboación do noso país, sobre todo no rural, non tiña acceso á medicina, veterinaria... Polo que cadaquén buscaba remedios para algunhas enfermidades e crenzas supersticiosas acudindo a curandeiros e a santos milagreiros cos cales celebraban ritos relixiosos que, aínda que non curasen o corpo, si o espírito.

**José López Ramos** (*José de Conde*), nado no ano 1928 e sancristán desde 1975 da Igrexa de San Román ou *Romao* de Pasarelos, era o encargado deste ritual milagreiro até que se fixo maior e caeu enfermo. A súa muller **Encarnación Seoane** (xa falecida) tamén desenvolvía o labor cando José estaba no traballo ou noutra ocupación cotiá.

Grazas a José López e á súa familia o ritual de San Román é coñecido en toda Galicia: varios artigos e reportaxes na prensa dan conta da importancia deste fenómeno. Mesmo José foi entrevistado na TVG polo coñecido presentador Xosé Ramón Gayoso para falar polo miúdo do cerimonial.

Toda a sabedoría de José e de Encarnación non esmoreceu, senón que se avivou de forma natural na súa filla **M<sup>a</sup> Carmen López Seoane**, consciente de que un feito tan importante da nosa cultura tradicional non se podía perder. Así é que o ritual para sandar de San Román, que se festexa na parroquia cada 9 de agosto, continúa vivo mentres que outros ritos e costumes da nosa cultura tradicional xa desapareceron ou están en vías de extinción.

## “Poñer o Santo”?

Un crente ou devoto acude a “poñer o santo” por dúas posibles causas:

1<sup>a</sup>. En sinal de agradecemento por algo que se pediu e se cumpriu:

Por exemplo, cando unha persoa ten unha doenza grave ou calquera outro problema de importancia, entón “**ofrécese ao santo**”.

Cando esa persoa sanda ten que cumprir o prometido e ir “**poñer o santo**”.

2<sup>a</sup>. Solicitar o favor do santo:

Os devotos van “poñer o santo” para combater as enfermidades tradicionais coma a reuma, a sombra, o mal de ollo, levantar a paletilla... Tamén cando enferman os nenos ou os animais... As causas poden ser de múltiples e indeterminadas orixes.

Aínda que o motivo de acudir ao santo é persoal e segredo, por oídas prima a segunda causa, por exemplo:

- Cando unha persoa ten unha doenza, reuma, mala sorte, a sombra, mal de ollo, depresións, está decaída, sofre envexa...
- Cando un neno non come, ten a tiña, verrugas...
- Cando os animais enferman. Por exemplo, se unha vaca non queda preñada, non come, córtaselle o leite, etc.

O santo ten remedio para todos os males, incluídos os de orixe descoñecida.

O rito de “poñer o santo” realízase de forma solemne e íntima diante do altar da Igrexa de Pasarelos. José López ou a súa muller, antes, e actualmente a súa filla Mari Carmen colle nas súas mans unha imaxe do *San Romao pequeno* e segue estes pasos:

1<sup>o</sup>. O devoto ten que pasar tres veces por debaixo do mantel da mesa que colga do altar maior, rodeando a mesa de misar. Cando pasa por diante do altar, é habitual que se santigüe.

2<sup>o</sup>. Dá un bico na esquina do mantel da mesa do altar.

3<sup>o</sup>. Mari Carmen colócase detrás do devoto e di as seguintes palabras, mentres que coa base da imaxe do santo toca alternativamente sobre os ombreiros do devoto:

*SANTO BENDITO  
QUE CHE QUITE A ENFERMEDÁ  
QUE CHE DÉ A SANIDÁ  
POLO PODER QUE DIOS TEN  
DE SU BENDITA MADRE,  
AMÉN.*

(sic)





Na Igrexa parroquial de Pasarelos hai dúas imaxes do santo máis milagreiro do concello. A máis grande preside o altar maior e sae en procesión cada 9 de agosto. Ten na man dereita un coitelo cortando unha lingua (parece que foi martirizado deste xeito) e na esquerda os evanxeos (sinal de incansable predicador). A figura pequena de San Romao ten o seu oco no retablo da parede lateral, pero é habitual que permaneza a bo resguardo na casa do sancristán. A talla é de madeira e de pequenas proporcións, policromada e con barba. Esta é a figura que se utiliza para levar a cabo o rito de "poñer ou tocar o santo".

Repítese este feito dúas veces máis, en total tres.

Nalgunhas ocasións, sobre o ombreiro colócase unha estola, para que a base da imaxe do santo toque nela.

Do mesmo xeito algúns devotos collen un pano e pásano polo santo e despois polo seu corpo, para que obre o milagre tocando unha prenda sagrada.

Ao rematar o rito, é costume que o devoto dea unha esmola, acenda unha candeia, rece unha oración, colla unha estampa...

Nalgúns casos, para deixar constancia da intercesión do santo, os fieis deixan exvotos (fotos da persoa, figuras de cera representando a parte do corpo curada...) tal e como se realiza en Santo Andrés de Teixido co fin de agradecer ao santo a graza concedida.

Outro dos elementos curandeiros de San Román é a **terra bendita** que se vai formando ao pé do altar.

Algúns devotos solicitan esta terra ou po, entón Mari Carmen varre coidadosamente diante do altar e recolle este elemento bendito ou sagrado vinculado a *San Romao*.

Esta é terra santa que se converte en veneración (coma a auga bendita, amuletos, crucifixo...) Utilízase, por exemplo, para estendela ou fregala sobre unha doenza ou levala encima, que seica é moi boa contra a envexa.



## UNHA PRÁCTICA MOI EXTENDIDA EN GALICIA O XEITO DE POÑE-LO SANTO

En moitos santuarios, ermidas, ou capelas onde haxa un santo milagreiro, tamén hai o costume de toca-lo santo ou de "poñe-lo santo".

Procesión de San Román. Fotografía de Ánxeles Alonso e Manuel Aneiros para o artigo "O xeito de poñe-lo santo". Revista da RTVG. nº 8, xullo de 1990, páxs. 20-23.



▲ José López "poñendo o santo". Fotografía de Ánxeles Alonso e Manuel Aneiros para o artigo "O xeito de poñe-lo santo". Revista da RTVG. nº 8, xullo de 1990, páxs. 20-23.



# San Román, o santo milagreiro

▲ A figura de *San Romao pequeno* nos brazos de M<sup>a</sup> Carmen López, 2014.



José López entrevistado por Xosé Manuel Gayoso na TVG.



Cubertas do carné de identidade de Felipe López Fandiño, nado no ano 1887 e avó de M<sup>a</sup> Carmen López, na emigración en Cuba, 1920.



José López sostén a súa filla Mª Carmen. Aos lados as irmás Josefina e María Neira (con cinta no pelo). Fotografía tomada arredor do ano 1967.



Encarnación Seoane e José López na comunión da súa filla Mª Carmen, 1971.

Mª Carmen López Seoane na escola de Pasarelos polo ano 1969.



# 4 José Antonio Noya ou a paixón polo Sigüeiro CF



Tira de fotos carné de José Antonio Noya Barreiro.

José Antonio, co número 4 ás súas costas, foi un dos xogadores máis relevantes do Sigüeiro CF na década dos anos sesenta e primeiros dos setenta do século XX. O fútbol era a súa paixón e o Sigüeiro CF o equipo da súa vida. Din, os que entenden de fútbol, que era áxil, moi corredor e forte. Seica dominaba ben o medio campo, axudando na defensa, pero tamén subindo a pelota cara aos dianteiros. Tanto valía para defender como para atacar, pero a súa teima era que o contrario non metese gol.

A súa nai **Carmen Barreiro Viqueira** ocupábase do popular bar O Campo de Sigüeiro, un dos establecementos de tradición na vila. O seu pai **Antonio Noya Veiras** era zapateiro, ao que José Antonio axudaba ocasionalmente polas noites.

Cando José Antonio, chamado cariñosamente *Tonecho* ou *Tonono*, tiña uns trece anos, comezou a xogar ao fútbol nos equipos xuvenís, entre eles o *Rayo FC* de Ordes na tempada 1962-63.

Mais na súa carreira de xogador tivo que facer un par de parénteses: con dezaioito anos, emigrou para Lyon (Francia), onde permaneceu tres anos, e volveu para facer o servizo militar obrigatorio. O destino que lle agardaba era a cidade colonial española de Sidi Ifni, no continente africano. Despois da mili, José Antonio viviu a súa época dourada no Sigüeiro CF xogando entre os anos 1967 e 1973, ano do seu casamento.

Despois de colgar as botas, José Antonio mantivo a súa grande afección ao fútbol (seguidor do Madrid e do Deportivo) mentres que traballaba de camioneiro en empresas da zona: na de Roberto Espiñeira, en madeiras Viqueira, nos autos Álvarez ou na empresa Carro. Até que a mala sorte chegou en forma de enfermidade, pois no ano 1987 (con 42 anos) diagnosticáronlle unha esclerose múltiple que limitou a súa calidade de vida.



Dolores Viqueira (avoa) e Carmen Barreiro (nai) coa nena Carmíña Noya, irmá de José Antonio.



José Antonio (anicado, no centro) con varios amigos o día 15 de xullo do ano 1963.



José Antonio Noya no ano 1961.

En xullo do ano 2006 José Antonio *do Gorrión* e Santiago *da Fábrica* recibiron unha merecida homenaxe no campo municipal Lino Balado de Sigüeiro. Xogadores e ex-xogadores do Sigüeiro CF, amigos e familiares presenciaron un partido de fútbol e posteriormente celebrouse un festexo popular. Conta un xornal da época que máis de 200 persoas asistiron á homenaxe destes dous históricos do fútbol orosán, homenaxe na que o alcalde de Oroso, Manuel Mirás, lles entregou cadansúa placa de recordatorio.

José Antonio Noya Barreiro faleceu a finais do mes de xuño do ano 2008. Sirvan estas fotografías de homenaxe a el e a todos os seus compañeiros do pasado e actual Sigüeiro CF.



Tres fotografías de José Antonio Noya en Lyon, datadas entre o ano 1964 e 1966.



José Antonio Noya realizou o servizo militar na cidade colonial de Sidi Ifni, 1967.



José Antonio Noya Barreiro coa súa filla Marga Noya Mosquera arredor do ano 2007.

# El Sigüeiro CF rinde un cariñoso homenaje a dos de sus 'históricos'

► Santiago 'da Fábrica' y José Antonio 'do Gorrión', dominadores del medio campo en los años 60 y 70, sintieron el cariño de 200 amigos

REDACCIÓN • SANTIAGO

El Sigüeiro CF, vecinos y amigos, no olvidan a dos de sus figuras futbolísticas más importantes en la historia del club.

El pasado sábado, teniendo como escenario el campo municipal Lino Balado, le rindieron un caluroso homenaje a Santiago *da Fábrica* y a José Antonio *do Gorrión*, dominadores del medio campo del Sigüeiro Club Fútbol allá por los años 60 y 70.

A partir de las seis de la tarde, en el municipal estaban citados ex jugadores, amigos y socios. Se hicieron dos combinados y lo del resultado final era lo de menos, el caso era disfrutar de la ocasión. Y así fue.

Finalizada la *pachanga*, se le hizo entrega a los dos jugadores de sendas placas por parte de Manuel Mirás, alcalde de Oroso, y de Marcial Iglesias, presidente del Sigüeiro, así como de un ramo de flores a sus señoras.

Posteriormente, comida popular donde la empanada, el churrasco y el vino no faltaron.



Los homenajeados y en medio el alcalde de Oroso, Manuel Mirás

Además, en tiempo de reencuentros, fueron muchas las anécdotas que se contaron entre los comensales, más de doscientos que se implicaron en un acto que lideraron a nivel organizati-

vo Moncho Vázquez y José Manuel Balado y cuya única intención era que tanto Santiago *da Fábrica* como José Antonio *do Gorrión* se diesen por enterados del cariño que se le profesa.



Homenaxe popular a Santiago e José Antonio, ex-xogadores do Sigüeiro CF.

El Correo Gallego, 18 xullo de 2006, páx. 49.

SIGÜEIRO CF  
paixón polo

Equipo de Xuvenís do Rayo, polos anos 1962-1963.

Entre eles: Codechas, Leobalde, Lento, Roberto, Chiño, Ignacio, Malelo, Higinio, Segis, Carlos Mariño, José Antonio, Emilio, Tito, Rilo e Enrique.



José Antonio, agachado, segundo pola esquerda.



Equipo do Sigüeiro CF no ano 1965.



José Antonio, anicado, entre os compañeiros que sosteñen o botiquín e o trofeo.



Fotografía datada o día 30 de abril de 1967.  
José Antonio, de pé, primeiro pola esquerda.



José Antonio de pé, ao lado do porteiro.



José Antonio de pé, segundo pola dereita.





José Antonio, de pé, segundo pola dereita. Ano 1969 aproximadamente.



José Antonio, de pé, segundo pola dereita arredor do ano 1971.



Fragmento dun panel fotográfico da historia do Sigüeiro no campo de fútbol Lino Balado.

# 5 Documentos da familia Garrido

De M<sup>a</sup> Carmen Pequeño Pulleiro, da **Casa Garrido** situada na Costa, parroquia de Trasmonte, recibimos unha importante colección de documentos relacionada cos abondosos tributos (impostos) que os veciños tiñan que pagar puntualmente a pesar de vivir moitos deles practicamente na miseria.

Debemos clarificar para un maior entendemento que *gravar* é cargar a alguén cun imposto, e *arbitrio* vén sendo, en xeral, o imposto que vai destinado a fondos para gastos públicos da administración municipal ou provincial.

Por medio da documentación consultada, podemos remontarnos a catro xeracións que levan de apelido *Pequeño*.

Os bisavós de M<sup>a</sup> Carmen **Pequeño** Pulleiro: Silvestre **Pequeño** Blanco e Carmen Garrido Mosquera; os avós: Ramón **Pequeño** Garrido e Jesusa Figueira Juncal; e os pais: Ramón **Pequeño** Figueira e Jesusa Pulleiro Liste.

A maior parte dos centos de recibos de diverso tipo que podemos consultar, figuran a nome dos seus avós e bisavós, principalmente **Ramón Pequeño Garrido**, **Silvestre Pequeño Blanco** e **Carmen Garrido Mosquera**, dos que achegamos fotografías.

A través dos recibos que garda a **Familia Garrido**, podemos ver a evolución e contía dos múltiples impostos que existían, tanto municipais como provinciais e outros máis específicos nos que se inclúen as “achegas voluntarias”. Apreciamos así mesmo a súa evolución, deseño tipográfico e soporte en papel. Coidamos que a colección de **cédulas persoais** é unha das máis importantes do concello, tanto polo seu número como polo seu estado de conservación.

As breves notas que figuran ao pé dos recibos tentan explicar brevemente a tipoloxía de cada tributo. Deixamos para outra ocasión recibos relacionados co Canon de Hixiene Pecuaria, Seguros Sociais na Agricultura, Cámara Oficial Agrícola da Provincia da Coruña, Imposto de Consumos, etc.



Carmen Garrido Mosquera (dereita) coa súa nora Jesusa Figueira Juncal e netos.



Ramón Pequeño Garrido no servizo militar.

Pasaporte de Silvestre Pequeño Blanco. Silvestre Pequeño naceu o día 13 de febreiro do ano 1875, emigrou a Bos Aires e foi repatriado a España o 13 de xullo de 1944, arribando a Bilbao.



O matrimonio formado por Ramón Pequeño Garrido e María Figueira Juncal.

Núm. 1514 CÉDULA PERSONAL 049822  
 AÑO DE 1918  
 Provincia de Lugo 9.ª clase: 3 pesetas 25 cénts.

D. Carmen Gamio natural  
 de Trasmonte provincia de Lugo  
 de 46 años de edad, de estado ca y profesión lab  
 habita en Coita núm. cto.  
 y reside habitualmente en Trasmonte  
 En Oroso de Coita de 1918.

EL INTERESADO, Carmen Gamio EL RECAUDADOR, ...

PROG EL 50 POR 100  
 DE RECARGO MUNICIPAL  
 7

CÉDULA PERSONAL 1934  
 DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LA CORUÑA  
 Ayuntamiento de Oroso Nº 241586

Don Silvestre Pequeno natural  
 de Oroso provincia de Coruña  
 de 60 años de edad, estado ca  
 y profesión lab habita en  
Trasmonte núm. cuarto  
 y residente en Oroso  
 En Oroso a 2 de ENE, 1934 de 19

El Interesado, ... El Recaudador, ...

HACIENDA PROVINCIAL  
 tarifa 3.ª  
 clase 13.ª  
 precio 1'00  
 n.º 1534  
 SENCILLAS

Cédula Personal Nº 320305  
 Diputación Provincial de La Coruña  
 Ayuntamiento de Oroso 1935

Don Raimon Raimon Gamio natural de  
 de Oroso provincia de Coruña  
 de ... años de edad, estado ca y profesión lab  
 num. cuarto habita en Oroso y residente en Oroso  
 En Oroso a 27 de OCT de 1935

EL INTERESADO, ... EL RECAUDADOR, ...

HACIENDA PROVINCIAL  
 Tarifa 3.ª  
 Clase 13.ª  
 Precio 1'00  
 N.º 1558  
 SENCILLAS

Cédulas persoais, 1918, 1934, 1935. As cédulas persoais apareceron a mediados do século XIX e eran o medio de identificación persoal até que apareceu o Documento Nacional de Identidade (DNI). A cédula, ademais de ser un documento identificativo, tamén era un imposto que recadaba a Deputación. O DNI español creouse a partir dun decreto do ano 1944, pero non foi até o ano 1951 cando comezaron a expedirse os primeiros carnés.



Cédula persoal, 1937.



Repartimento Xeral, 1938. O "Repartimiento General" era un imposto municipal que establecía o Concello segundo as propiedades que tiña unha familia. Este imposto axudaba a completar o orzamento anual que aprobaba o Concello e que servía para manter os servizos administrativos e de persoal.

Cámara Oficial Sindical Agraria de La Coruña

Ayuntamiento de

OROSO

Núm.

708

Parroquia de

D. Ramón Pequeno Garrido  
ha satisfecho la cantidad de 7<sup>20</sup> ptas., 25 cts., importe de la  
cuota correspondiente al año 1959 de conformidad con lo dispuesto por  
el Ministerio de Agricultura en Decreto de 28 de Abril de 1933.

La Coruña 31 de Diciembre de 1958.

El Recaudador,

Hermandad Sindical de

OROSO

D. Ramón Pequeno Garrido  
ha satisfecho VEINTICUATRO pesetas, por concepto de cuota corres-  
pondiente al reparto establecido para el sostenimiento y atenciones  
generales de la Hermandad, autorizado por Orden de la Presidencia  
del Gobierno de 23-III-1945 y aprobado en Asamblea Plenaria de  
Hermandades Sindicales.

a 1 de Enero de 1959.

El Recaudador,

Cámara Oficial Sindical Agraria de La Coruña

Ayuntamiento de

OROSO

Núm.

708

D. Ramón Pequeno Garrido ha satisfecho  
la cantidad de veinte ptas., 30 cts.,  
importe de la cuota correspondiente al año 1965 de conformi-  
dad con lo dispuesto por el Ministerio de Agricultura en De-  
creto de 28 de Abril de 1933.

La Coruña, 31 de Diciembre de 1964.

EL RECAUDADOR,

Hermandad Sindical de

OROSO

D. Ramón Pequeno ha satisfecho CUARENTA  
pesetas, por concepto de cuota correspondiente al reparto es-  
tablecido para el sostenimiento y atenciones generales de la  
Hermandad autorizado por Orden de la Presidencia del Go-  
bierno de 23-III-1945 y aprobado en la Asamblea Plenaria  
de Hermandades Sindicales, de fecha 14-XI-64.

a 1 de Enero de 1965.

OROSO

EL RECAUDADOR,

Cámara Oficial Sindical Agraria da Coruña, 1958, 1964. Naquelas décadas, as Cámaras Agrarias eran unha especie de asociacións que prestaban varios servizos aos agricultores: consultoría, tramitacións, distribucións de vacinas e fertilizantes, crédito agrícola, cursos, etc.

DIPUTACION PROVINCIAL  
DE LA CORUÑA

NUM. 465

AÑO DE 1955

Arbitrio Provincial sobre Rodaje y Arrastre

Ayuntamiento Oroso

Domicilio Trasmonte

Ramon Pequeno Garrido  
veintidos

ha satisfecho la cantidad de pesetas, importe de la cuota anual y placa correspondiente al mencionado Arbitrio de 1955

El Recaudador,

Cuota anual. 20 ptas.

Placa ..... 2 »

Total... 22 »

Núm de la placa 29.256

**Arbitrio Provincial sobre Rodaxe e Arrastre, 1955.** Imposto obrigatorio que había que pagar, sobre todo por circular con bicicletas e carros tirados por animais. As motos e os coches pagaban outros impostos (actualmente chamados de circulación).



**A chapa dos carros, 1956 e 1957.** Os carros tiñan que levar esta chapa como mostra de ter aboado o arbitrio sobre rodaxe. Chapa do carro de Manuel Fraga Seoane.



# Impuesto de Plagas del Campo

Provincia de La Coruña

Ayuntamiento de

OROSO

Núm. de orden 784

Año de 1940

He recibido de D. Carmen Garrido Mosquera  
la cantidad de ..... pesetas ..... céntimos, que le co-  
rresponde satisfacer en el citado año, según los repartimientos aprobados.

## DEMOSTRACIÓN

Por el 0'40 por 100 sobre la riqueza imponible por territo-  
rial, rústica y colonia, de conformidad con lo aprobado  
por el Ministerio de Agricultura, Industria y Comercio.

TOTAL.....

Pesetas	Cts
	73

..... de ..... de 19

El Recaudador,

**Imposto de Pragado Campo, 1940.** Gravamen que se aplicaba sobre o 40% das propiedades rústicas. O Ministerio de Agricultura esixía este imposto seguindo a Lei de Pragado. O diñeiro recadado era para a investigación e tratamento de pragado que arrasaban cos cultivos.

AYUNTAMIENTO  
DE

OROSO

Núm. 574

Don Ramón Pequeno Garrido vecino  
de Trasmonte ha hecho la aportación voluntaria  
de seiscientos pesetas con destino  
a las obras de construcción de la Casa Cuartel para el Puesto de la  
Guardia Civil de Sigüeiro.

..... de Julio de 1950.

El Alcalde,

**Achega "voluntaria" para construír o cuartel da Garda Civil de Sigüeiro, 1950.** Ademais da obrigación de pagar unha cantidade excesiva de impostos, existían achegas "voluntarias", neste caso para construír o cuartel da Garda Civil, unha das institucións máis represivas durante a ditadura franquista. Coidamos que poucos veciños se negarían, obviamente pola situación política naqueles tempos.



Saludo a Franco: ¡ARRIBA ESPAÑA!

## JUNTA PROVINCIAL PRO - PAZO DEL CAUDILLO

Don Carmen Gamido Iloquera  
con domicilio en Erasmonte  
ha entregado como aportación voluntaria para la adquisición  
y reconstrucción de la finca "Torres de Meirás", dedicada al  
Caudillo, la cantidad de seis pesetas y tres  
centimos de Marzo de 1939

III Año Triunfal

El Delegado de la Junta,

Son Ptas. 6.03

Achega "voluntaria" para comprar e reconstruír o Pazo de Meirás e regalárllo a Franco, 1939. A Xunta Provincial Pro-Pazo do Caudillo non tivo outra idea mellor que agradecerlle a Franco todo o que fixo por España (sublevación militar, feroz represión e Guerra Civil) regalándolle un pazo para o deleite da súa familia durante as visitas á nosa terra. O Pazo de Meirás, situado en Sada, foi declarado BIC (Ben de Interese Cultural) e segue sendo propiedade dos descendentes do ditador.

Ayuntamiento de Erasmonte

Modelo 314-Gráfica de Asturias-SANTIAGO

EJERCICIO DE 1.9 83

Núm. 522

### ARBITRIOS MUNICIPALES

D. Ramón Pequeño Garrido

vecino de Erasmonte, ha satisfecho:

	Pesetas	Cts.
Por <u>sacrificio reses</u>	<u>40</u>	
Por <u>tenencia perro</u>	<u>15</u>	
Por <u>" bicicleta</u>	<u>30</u>	
Por		
Por		
TOTAL.....	<u>95</u>	

a 24 de SEP 1983 de 1.9

EL RECAUDADOR,

Arbitrio Municipal, 1963. Este aberrante imposto municipal gravaba os veciños por posuír bens imprescindibles ou levar a cabo actividades propias do mundo rural. Os conceptos podían mudar de ano en ano. Neste caso, Ramón Pequeño Garrido pagou polo sacrificio de reses, por tenencia de can e por unha bicicleta.

Ayuntamiento de Orozo

Serie **B**

### DÍA DEL PLATO ÚNICO

Calle 3.º y 4.º - Vierna N.º \_\_\_\_\_ Piso \_\_\_\_\_

Don Carmen Garrido  
ha contribuído con \_\_\_\_\_ pesetas

50 céntimos.  
Trasunto de aport de 1937

Días sin postre olo

Son Ptas. 060

Nº 794090

GARCYBARRA. - CORUÑA

Ayuntamiento de Orozo

Serie **C**

### Día del Plato Unico y Lunes sin Postre

Calle \_\_\_\_\_ N.º \_\_\_\_\_ Piso \_\_\_\_\_

Don Carmen Garrido Mosquera  
ha contribuído por los conceptos siguientes:

Plato Unico . . . . .	
Lunes sin Postre . . . . .	
Total. . . . .	

Pesetas	Cst.
	<u>50</u>
	<u>10</u>
	<u>60</u>

Exasunto 13 de Nov de 1937

Nº 206037

GARCYBARRA. - CORUÑA

Día do Prato Único, 1937 / Día do Prato Único e Luns sen Postre, 1937. Insólita forma de achega forzosa propia da época da Guerra Civil, na que as autoridades civís e militares tentaban recadar diñeiro para a beneficencia franquista coa fin de contrarrestar a miseria económica xurdida a partir do ano 1936. En xeral consistía en que nos restaurantes ou mesóns (cada quince días) se cobrase o importe total do menú (dous pratos e sobremesa), pero só se servise un prato. Daquela, como os medios de transporte eran case inexistentes, era habitual que nas feiras, festexos, etc., se comese fóra. O Día do Prato Único era obrigatorio e os que non o respectaban podían ser considerados un "perigo" para o réxime franquista.

AÑO 1929      SEGUNDO SEMESTRE  
Julio a Diciembre.

# CONTRIBUCIÓN TERRITORIAL

RIQUEZA RÚSTICA  
AMILLAPADA

Núm.º de la LISTA COBRATORIA 947      PROVINCIA DE \_\_\_\_\_      MUNICIPIO DE OROSO

He recibido de Don Silvestre Pequeno Blanco la cantidad  
de seis pesetas 86  
céntimos, que le corresponde pagar en el citado semestre por la contribución expresada, según se demuestra en el recibo correspondiente al 1.º semestre.

A \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 1929.  
El Recaudador.

Son 6 ptas. 86 cents

Calle de Gramonte      num. \_\_\_\_\_      piso \_\_\_\_\_

NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA

# CONTRIBUCION TERRITORIAL 1950

RIQUEZA RUSTICA      TERCER TRIMESTRE  
Julio, Agosto y Septiembre

Provincia: \_\_\_\_\_      Municipio: Oroso      Núm. de la lista cobratoria: 117

He recibido de D. Silvestre Pequeno Blanco la cantidad  
de cuarenta y siete pesetas 97 céntimos, que le corresponde  
pagar en el citado trimestre por la contribución expresada, según se demuestra en el recibo del primer trimestre.

A \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 1950.  
El Recaudador.

Son 47 ptas. 97 cts.      Calle Gramonte      Núm. 5188      Ptas. \_\_\_\_\_

Importe del Recibo: 44.97      N.º \_\_\_\_\_  
3.91      RUSTICA

Art. 22 de la Ley de Presupuestos para 1950, modificada como sigue.

NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA NACIONALIDAD PUBLICA

# Contribución Territorial 1958

RIQUEZA RUSTICA      TERCER TRIMESTRE  
Julio, Agosto y Septiembre

Provincia: La Coruña      Municipio: Oroso      Núm. de la lista cobratoria: 1224

He recibido de D. Román Francisco Jurado la cantidad de  
una pesetas \_\_\_\_\_ céntimos, que le corresponde  
pagar en el citado trimestre por la contribución expresada, según se demuestra en el recibo del primer trimestre.

A \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 1958.  
El Recaudador,

Son 01 ptas. \_\_\_\_\_ cts.      Calle Oroso      Núm. \_\_\_\_\_      Ptas. \_\_\_\_\_

RUSTICA

**Contribución Territorial, 1929, 1950, 1958.** Era o imposto territorial ou imposto sobre bens inmuebles de natureza rústica (fincas) ou urbana (edificaci3ns). Xa desde a década de 1950 dábase-lle a oportunidade ao contribuínte de pagar nunhas datas "voluntarias" e en lugares previstos. Se o contribuínte non pagaba nese período voluntario, aplicábase un recargo do 10% nos primeiros días, que posteriormente podía pasar a un 20%.

# 6 Fotos con Historia

Neste apartado, como se adiantou na presentación, móstrase unha selección de fotografías que achegaron algúns dos veciños e veciñas que acudiron ao arquivo. As persoas que cederon fotos e documentación que non figuran, ben seguro que o farán en futuras entregas.

Cada unha das persoas que realizou o préstamo cedeu un gran número de imaxes e de documentos, polo que, forzosamente, tivemos que realizar unha selección para reproducir aqueles que consideramos máis significativos e de interese para os lectores. Cada fotografía ten a súa historia e os datos que nos facilitaron sobre ela serviron para configurar os pés de foto.

Agradecemos aos veciños que permiten realizar unha copia dixital das súas fotografías en papel para reproducir nesta publicación, contribuíndo deste xeito á reconstrución da memoria visual do noso concello.

A todos eles, grazas por compartir as súas historias.

Agardamos que ti, que vostede, sexa o seguinte en achegar documentación visual para coñecernos e apreciar que formamos parte dunha comunidade que quere recuperar a súa memoria.



Veciños de Sigüeiro nun xantar de campo. Ao fondo, o camión de Baltasar Otero.



O grupo folclórico Lembranzas do Tambre sobre a Ponte Sigüeiro antes da súa ampliación.



Equipo formado, na súa maioría, por emigrantes da parroquia de San Mamede dos Ánxeles en Euskadi. Campo de fútbol do Cachopal, pola década de 1980.

# M<sup>a</sup> Amelia Garza del Río



Adolfo Julián Garza Gutiérrez. Brigada do exército e pai de M<sup>a</sup> Amelia Garza del Río.

Adolfo Garza, orixinario de Purroy de Jalón (Zaragoza) estivo na Batalla do Ebro (1938) e na toma de Irún polo exército sublevado. Foi ferido na Guerra Civil e posteriormente condecorado en varias ocasións, como pode verse na fotografía.

Cada militar que pelexaba na contenda tiña a súa madriña de guerra coa que se carteaba. Deste xeito formáronse moitas parellas que posteriormente chegaron ao altar.

Adolfo Garza foi un grande apaixonado das motos. Colaborou na fundación do primeiro motoclub en Pontevedra. Faleceu debido a un accidente de circulación no casco urbano desta cidade conducindo a súa Harley Davidson, contaba con 37 anos.



Primeiro pola dereita, Pedro Raña Dafonte (1936-1990) na cidade colonial de Villa Cisneros (no denominado Sahara Español ou África Occidental Española). Pedro Raña era fillo do mestre de Deixebre Pedro Raña Couselo, e foi un dos directores da primeira Caixa de Aforros de Sigüeiro.



Mozas polo ano 1962.  
De esquerda a dereita: M<sup>a</sup> Luz, Cuquita Castro (filla de Ignacio Castro de Meimixe), Emilia Vázquez, Chicha Castro (irmá de Cuquita), M<sup>a</sup> Jesús Quintela (filla da profesora Dona Moncha) e M<sup>a</sup> Amelia Garza, filla de Amelia del Río, mestra en Merelle; as dúas residentes no histórico Mesón de Deus de Ordes.



Correspondencia dirixida a Pedro Raña Dafonte, marido de M<sup>a</sup> Amelia Garza del Río.

**PETICIONES DE MANO**  
 Por doña Dolores Dafonte, viuda de Rafa, y su hijo don Angel Rafa Dafonte, director-delegado de la Caja de Ahorros de Santiago, sucursal de Ordenes y para su hijo y hermano, respectivamente, don Pedro, apoderado de la misma Entidad en la sucursal de Santa Comba, ha sido pedida a doña Amelia del Río Rey, viuda de Garza, Maestra Nacional, la mano de su bella hija María Amelia. Entre los novios se cruza-



(Foto Samaniego).

ron los regalos de rigor, quedando fijada la boda para fecha inmediata.

Nota de prensa dando conta da petición de man de María Amelia Garza del Río no ano 1963.

**En el IX aniversario fundacional de la Falange**

PODEMOS enjuiciar la trascendencia histórica de los grandes hechos sólo cuando el paso del tiempo nos dota de la perspectiva histórica necesaria para valorarlos debidamente. Por estas fechas—a los nueve años de aquellos días en que la bandera fundacional de la Falange se alzaba en alto mástil—, nos damos cuenta de toda la profunda sig-

Revista semanal de *Radio Nacional*, fragmento da capa, 1942.

Tratábase dunha revista coa programación da radio e de variedades, pero cun fondo contido ideolóxico. Neste número faise un enaltecemento ao chamado a ser “o Hitler español”, José Antonio Primo de Rivera, fundador da Falanxe.



María Amelia Garza posúe un importante arquivo de fotos familiares e de publicacións que conserva do seu pai, entre elas varios números de *La Nueva España*, *Radio Nacional* ou a alemana *Signal*. Tamén, por exemplo, selos republicanos na correspondencia dirixida a Isolina del Río Rey, 1933.



Cabeceira da revista *Signal*, 1942.

Era a revista de propaganda do exército alemán. *Signal* ou *Sinal* contaba como se ía desenvolvendo a guerra, con tipografía, gráficos e fotos en cor dunha gran calidade para a época.

◀ Cabeceira do xornal *La Nueva España*, 1939.

Comezou a editarse en Oviedo no ano 1936 e foi portavoz da Falanxe. Formaba parte dos múltiples xornais que constituían a “prensa do movemento” da ditadura de Franco.



Primeira baixada do Tambre. Pontenafonso, 1982.

De esquerda a dereita: Toni Iglesias, Manuel Barreiro *Choni*, Luís Rico, Lino Balado, Pedro Ángel Raña, Ramón Ferreiro, José Luís Balado, Jorge Rico e Juan Mirás.

Manuel Barreiro *Choni*, lembra aquela primeira fazaña dun fato de mozos de Sigüeiro que chegaron desde esta vila até a desembocadura do Tambre a finais de agosto do ano 1982. Un ano despois tivo lugar a segunda baixada desde Sobrado, xa con piraguas, coma a dos anos 1992, 1993 e 1995. Da primeira baixada seica foron os principais promotores Jorge Rico e Lino Balado, aos que non se lles sacaba da cabeza navegar polas augas do Tambre até chegar ao mar.

Recorda *Choni* que saíron un mércores pola tarde e realizaron a baixada en catro etapas pernoctando en tendas de campaña en Berdía (antes de Chaián), Portomouro e Ponte Maceira. Desde aquí a Pontenafonso chegaron enseguida. Navegaron polo encoro, pero tiveron que alugar un camión en Negreira para que fixese o transporte alternativo ao río entre a presa e a central, pois nese tramo o río está seco. En Pontenafonso estábanos agardando veciños de Sigüeiro e a prensa. Seica foi todo un acontecemento... Volveron a Sigüeiro coas barcas artesanais feitas de contrachapado marino, de piso de madeira de pino (sen nós) no camión de Xulián...

Da aventura, conta *Choni*, non esquecerá o emocionante que resultou navegar polos rápidos de San Xoán de Fecha, Salto da Cabra, o Vachao, o Remuíño... Onde o Tambre baixa rápido, con presa para ir na busca do mar.

Fonte: Manuel Barreiro Ramos, *Choni*.

24

## Ocho jóvenes de Sigüeiro inician mañana el descenso del río Tambre

Sigüeiro (Por Alvaro Parajó). Un grupo de jóvenes, de edades comprendidas entre los 18 y 22 años, vecinos de Sigüeiro, van a partir mañana miércoles, en dos barcas que ellos mismos construyeron, aguas abajo por el río Tambre, hasta la desembocadura cerca de Noia, a donde piensan llegar el próximo sábado. Los jóvenes son: José Luis Balado, Pedro Ángel Raña, Antonio Iglesias, Ramón Ferreiro, Manuel Barreiro, Jorge Rico, Juan José Mirás y Marcelino Balado.

Las barcas son de madera, con las dimensiones de 3,80 y 3,20 de eslora por 1,40 y 1,30 de manga. El peso es de 80 kilos aproximadamente cada una. Uno de los componentes dijo que desde pequeños, durante el verano, están siempre en el río, y que este año comentando que hace bastantes años unos ingleses habían realiza-

do este mismo itinerario en piraguas, decidieron ellos hacerlo en barcas.

Dicen los componentes de la expedición que dentro del itinerario del río ven dificultades en el paso del «Salto da Cabra» que está situado entre Ponte Albar y Portomouro, por la estrechez y corrientes de las aguas en esa zona, así como en el embalse de «Fenosa». El recorrido total será de unos 68 kilómetros. Los materiales para las barcas les fueron costeados por el bar-restaurante «Viuda de Nouche», siendo la construcción realizada por este grupo de jóvenes que tienen todo a punto para zarpar mañana.

Entre las previsiones, llevan un hote neumático y tiendas de campaña para guarecerse durante la noche. Un factor positivo en la aventura es que todos saben nadar.





Primeira baixada do Tambre, 1982.  
Fotografías cedidas por María Amelia Garza del Río, Sigüeiro.



# Manuel Gómez López



▲ O *Invencible*, o autobús de máis sona de Oroso.

Manuel Gómez López cedeunos estas tres instantáneas e contounos unha pequena parte das moitas historias que naceron arredor deste coche de liña que circulou na década de 1960. Era un autobús de servizo discrecional: para ir ás feiras (Ordes, Adina...), excursións, festas, romarías... O seu avó, Manuel Gómez Soneira, foi o fundador da empresa en Oroso, con dous autobuses, que foron requisados como consecuencia da guerra. A empresa pasou ao seu fillo Manuel Gómez Álvarez (pai de Manuel Gómez López) que foi o propietario e chofer do *Invencible* até o ano 1970 ou 1971. Neste tempo a familia tamén se mudou de Oroso para Ordes, máis concretamente para o barrio do Recreo, sitio onde estaba a cocheira e se tirou esta foto emblemática, símbolo do Arquivo Histórico de Imaxes de Oroso.



A peña Casa Domingos de Oroso na Ponte Internacional de Tui, 1961.

Na última fila está o vello Domingos (con boina), acompañado de Manuel Gómez Álvarez (con lentes). No centro da fotografía, o rapaz Manuel Gómez López, e unha fila máis abaixo Daniel Liste, entre outros.



Excursión da peña Casa Domingos de Oroso ao Castro de Santa Tegra, 1961.

Nesta excursión no *Invencible* visitaron Vigo, Tui e Santa Tegra. No grupo de persoas que posan diante do autobús pode verse ao seu dono e chofer Manuel Gómez Álvarez (con lentes negras). Na baca, á dereita, o seu fillo Manuel Gómez López, acompañado de Alfonso Moure.



▲ Andrés Varela Villar O Carralés (sentado con gorra) rodeado de amigos, entre eles Alvino Vázquez, José Sánchez, Juan Gómez e Daniel Liste arredor do ano 1959.

## Daniel Liste Moscoso

José Daniel Liste Moscoso naceu en Campo, concello de Trazo, no ano 1936. Traballou no Concello de Oroso desde principios do 1959 até a súa xubilación no ano 2001. Desenvolveu o seu labor como administrativo e responsable do Xulgado de Paz, aínda que como bo coñecedor do Concello, realizou todo tipo de actividades propias da administración local.

Daniel Liste é unha testemuña de vital importancia na historia do Concello de Oroso, pois arredor súa desenvolveuse a vida administrativa municipal a finais do franquismo e toda a época da transición democrática.

No seu arquivo fotográfico garda centos de instantáneas nas que se poden apreciar eses cambios que mostran a evolución do Concello: corporacións locais, actos institucionais, distintas celebracións, incorporación de persoal, etc.

Dos centos de fotografías que puxo á nosa disposición seleccionamos unha pequena cantidade, reflexo do interesante fondo documental que gardou ao longo dos anos.

▼ José Daniel Liste Moscoso durante unha celebración.





Visita do gobernador civil a Oroso. De esquerda a dereita, o alcalde Amancio Espiñeira Pellit, o gobernador civil da provincia da Coruña, o subxefe provincial da Falanxe e outro cargo falanxista.



De esquerda a dereita: Antonio del Río Sánchez *Chulito*, de Marzoa, Amancio Espiñeira Pellit (alcalde de Oroso) e José Luís Paradela Beltrán (alcalde de Trazo) nunha viaxe.



Clausura dos cursos PPO (Promoción Profesional Obreira) de cociña e manualidades arredor do ano 1986.

Primeira corporación da etapa democrática do Concello de Oroso, acompañada de persoal administrativo. De esquerda a dereita: Daniel Liste (administrativo), M<sup>a</sup> Elena Espiñeira (administrativa), José Vicente Maroño, Antonio Souto, M<sup>a</sup> del Carmen Rodríguez, Hipólito Visos, Antonio del Río, Félix Rodríguez, Germán Iglesias, Alejandro Moure, José Iglesias, Ramón Barreiro e Celestino Amigo (secretario). Está ausente o concelleiro Manuel Lagares.





Félix Rodríguez Vieites, alcalde, cos concelleiros Ángel Cendal, Manuel Mirás e Juan Manuel Rico.

Inauguración da Casa do Concello de Oroso o día 27 de abril de 1984. De esquerda a dereita: o médico Juan Luís Amigo, Antonio del Río Sánchez *Chulito*, unha persoa que non identificamos, o vicepresidente da Xunta Xosé Luís Barreiro Rivas (con barba) e Félix Rodríguez Vieites (de costas).



RECUERDO ESCOLAR  
Curso 1965-66



Alumno *Mª del Carmen Liste Raña*  
Colegio *Escuela Nacional de Niñas Trasmonte*  
Profesor *Mª Luisa Pérez López (actual)*

FOTO GRANA

## Mª del Carmen Liste Raña

▶ Mª del Carmen Liste Raña na Escola de nenas de Trasmonte, curso 1965-66.



▶ Escena de campo polo ano 1964. Mentres Crisanto Alvarez sacha, a súa sobriña Carmen Gaudeoso dá conta da parella de vacas.

Escola de nenas de Trasmonte coa mestra Mª Luisa Pérez López polo ano 1968. Daquela, as nenas estaban separadas dos nenos. A mestra atendía a 42 nenas e, ademais de impartir os contidos educativos de cada nivel, rezaban o rosario e cantaban o himno falanxista *Cara al sol*. A escolarización era totalmente en castelán.








Rapaces de Trasmonte coas súas bicicletas para ir de pesca.  
De esquerda a dereita: Maximino Cendal, Crisanto Álvarez, Ramón Figueira, José Figueira e Celestino. A sacha era para buscar miñocas.

O matrimonio Francisco Liste e Estrella Raña cos irmáns desta última polo ano 1957.  
De dereita á esquerda: Francisco, Estrella, María, Francisca, Antonio, Fina e Matías.



# Rebeca Pazos Maroño



Ricardo Maroño Ramos, pai de Enriqueta Maroño Montero, escribindo unha carta na Fronte de Asturias durante a Guerra Civil.



Ricardo Maroño Ramos premendo a prensa para facer sidra. Principios da década de 1970.



Silverio Pazos Rodríguez co seu afillado Ramiro Pazos, polo ano 1957.



Portada do Catecismo, 1964.



Capa do silabario para aprender a ler.



Ramiro Pazos na época do servizo militar. Fotografía tirada polo ano 1974 diante da primeira DKW da Panadería Marcial Pazos de Marzoa.



historia urbana de madrid

# nueva DKW record de ventas

Con el asesoramiento de Volkswagen, la nueva DKW ha cambiado mucho: Frenos potentes, faros asimétricos, cerraduras y manetas de seguridad con bloqueo, espejos retrovisores antideslumbrantes, completo equipo lava-parabrisas y parasol, acolchado de seguridad en el salpicadero, variedad de modelos, nuevos colores, nuevos sistemas de pintura por inmersión, y otras muchas ventajas que aumentan su seguridad y confort.



Equipado con motor Diesel  
**MERCEDES-BENZ**  
Lleva 1000 kilos... y cómo los lleva!  
Llámenos y le visitaremos



INDUSTRIAS DEL MOTOR SA  
VITORIA

<b>Concesionarios:</b>		
<b>GRÑÓ, S.A.</b>	<b>MANUEL NEIRA, S.A.</b>	<b>Cladasa</b>
Velázquez, 301 - Teléfono 261 53 07 Embajadores, 132 - Teléfono 227 57 65	Exposición y Venta: Sorzano, 12 Teléfono: 276 30 00	Exposición, Ventas y Servicio: Marcelo Legandrea, 15 - Tel. 21 55 740 Ventas: General Mola 96 - Tel. 25214 34
<b>MADRID</b>		


Anuncio na prensa da furgoneta máis popular na década de 1970. Denominada "rubia" ou DKW (iniciais de *Dampf Kraft Wagen*, en alemán significa *coche movido por vapor*). A DKW era unha fábrica de coches e motos alemá fundada no ano 1916. Posteriormente uniuse a Audi e outras tres empresas que formaron Auto Unión. Cada unha desas empresas estaba representada por un aro do símbolo, convertido actualmente no emblema de Audi, do Grupo Volkswagen.



Marcial Pazos, no centro da fotografía, no casamento do seu primoxénito, 1976.



Enriqueeta Maroño, no centro, acompañada por familiares arredor do ano 1979.



Dúas instantáneas dunha malla.

## Diego Ríos Noya

Diego Ríos Noya é un dos cregos máis apreciados da contorna. Naceu na parroquia de Campo (Trazo) no ano 1934, estudou no seminario de Santiago, ordenouse sacerdote no ano 1960 e foi destinado a Marzoa. A primeira misa nesta parroquia oficiouna o día 8 de decembro do ano 1960 e dous días máis tarde instalouse na reitoral, que daquela estaba en moi malas condicións de habitabilidade. Lembra que, a pesar de que Marzoa era unha parroquia pequena e de xente humilde, os veciños eran boas persoas, pero con mala sorte cos curas, porque permanecían poucos anos nela...

Diego encontrou que a igrexa, debido a un temporal, tiña a espadaña tirada encima do teito e a campá solta, colocada provisoriamente atada a dous carballos no Campo da Igrexa. A pesares destes atrancos iniciais, Diego non marchou e quedouse 22 anos, até 1982. Neste ano trasládase para a parroquia de Sofán (Carballo) na que permanece até 2006.

Diego, que ten o seu domicilio en Sigüeiro, é habitual nalgunhas celebracións relixiosas. Independentemente de crenzas e ideoloxías, a súa presenza é sempre agradecida polos veciños, que ven nel a unha persoa que sabe facer o ben, ser útil aos demais e dar o mellor de si para conseguir a xustiza social, porque todos sabemos que o poder ou a riqueza non son sinónimos de felicidade.

Diego Ríos recorda:

*Despois de instalarme en Marzoa no ano 1960 comprei un transistor a pilas e tamén unha máquina de afeitar, que aínda conservo... Moito máis tarde unha televisión, unha das primeiras da parroquia... Rapaces do Castro viñan vela os domingos pola tarde.*



Diego Ríos Noya no seminario.



Diego Ríos Noya oficiando misa.



De esquerda a dereita os cregos José Vieito Blanco (Barbeiros), Diego Ríos Noya (Marzoa), Primitivo Negreira Mourelle (Senra), Santiago Miramontes Vidal (Moar) e Andrés Álvarez Castiñeiras (Calvente) arredor do ano 1967.

Pola dereita,  
Manuela Noya  
(nai de Diego) e  
María Ríos (irmá),  
acompañadas de  
dúas amigas  
diante da reitoral de  
Marzoa polo ano  
1971.



Rapaces de  
Marzoa diante dos  
panteóns, ao lado  
da igrexa parroquial.







Rapaces de Marzoa diante da Escola Vella.



Grupo de veciños nunha excursión ás Rías Baixas. No centro, María Ríos acompañada das monxas Pura e Generosa.

## Eduardo Veiras Rey



Eduardo Veiras Berdomás naceu no ano 1885 e faleceu no 1974. Natural de Couso, Senra, estivo na emigración en Cuba e hai constancia de que foi alcalde do Concello de Oroso entre abril e xullo do ano 1924. Era unha persoa polifacética: deu clases, traballou na terra, medía fincas, fomentou as sociedades agrarias, escribinte, facía partillas... Era ademais un gran lector e defensor da cultura. Considerado de talante liberal e laico.



Eduardo Veiras Berdomás no centro da fotografía con chapeu, acompañado de sete dos oito fillos que tivo. Instantánea tirada arredor do ano 1927.




Dous cuños feitos a man por Eduardo Veiras Berdomás. O primeiro co seu nome e o segundo da Unión Agraria de Oroso.



▲ Eduardo Veiras Berdomás na Santa Bárbara de Senra. Terceiro pola dereita, acompañado de familiares e amigos, entre eles Ramón Blanco Mañá (de Goros da Grabanxa), primeiro pola dereita, arredor do ano 1964.

Eduardo Veiras Berdomás (á dereita) cos seus fillos Manuel, Concha e Rufino, xunto con outros membros da familia Veiras.





Tapa da libreta da Caixa Postal de Aforros, 1961. O titular era Eduardo Veiras Berdomás. A simboloxía da ditadura franquista estaba presente en todos os documentos oficiais.



Manuel Veiras García, fillo de Eduardo Veiras Berdomás, acompañado polas súas irmás Babila (dereita) e Dolores polo ano 1933.



Manuel Veiras permaneceu na fronte os tres anos que durou a Guerra Civil (1936-1939).

15/115989  
 NUM. 115989  
 DATOS PERSONALES DEL ASEGURADO

Manuel Veiras García  
 NOMBRE APELLIDO PATERNO APELLIDO MATERNO

Hijo de Eduardo y de Manuela

Nacido el 19 de Mayo de 1913

Domicilio Lura Calle (Obra) N.º Piso

Domicilio Calle N.º Piso

Domicilio Calle N.º Piso

Domicilio Calle N.º Piso

Profesión Cartero

Fecha de alta en el Régimen 26/11/51

MANUEL VEIRAS

NOTA: Estas datos se consignarán por los funcionarios de la Caja Nacional del Seguro de Enfermedad al I. N. P. a fin de la hoja individual de afiliación.

Cartilla da Caixa Nacional de Seguro de Enfermedade pertencente a Manuel Veiras García, 1951.

# SINDICATO NACIONAL DEL ESPECTACULO

AGRUPACION SINDICAL DE MUSICOS ESPAÑOLES



Carnet n.º 14.284

Tarjeta PROFESIONAL de Identidad a favor de  
D. Manuel Veiras García

Clasificado como Saxofón

Madrid, 8 de Abril de 1968

El Presidente del  
Sindicato Nacional,

El Presidente A. S. M. E.,

*Assomante*

*[Handwritten signature]*

Carné de Música. Manuel Veiras tocaba o saxofón na Banda de Música de Senra. Ano 1968.



Manuel Veiras García (á dereita) acompañado de familiares e veciñas.

## Pucho Boedo y «Os Tamara», en las fiestas de Sigüeiro

**Sigüeiro** (Por Alvaro Parajó). Sigüeiro es un pueblo enclavado a 13 kilómetros de Santiago por la carretera N-550 en dirección a La Coruña. Sus bares poseen la especialidad de preparar muy bien las truchas, al igual que el conejo o la perdiz. El pueblo lo cruza el río Tambre y lo rodean excelentes regatos en los que abunda mucha trucha.

En otro orden de cosas, resulta curiosa su situación administrativa porque pertenece a los municipios de Oroso y Santiago, aunque eclesiásticamente pertenece a la iglesia de San Andrés de A Barciela, que está situada a orillas del río Tambre, en el municipio de Santiago de Compostela. Sus gentes se preparan un año más para celebrar las fiestas en honor al Sacramento el próximo domingo.

### Programa

El sábado habrá una interesante prueba ciclista en la que participarán jóvenes de 10 a 15 años. El itinerario, comprende un recorrido de 4 kilómetros ida y vuelta, por la carretera de la estación de Oroso. Habrá también un marathon popular en el que podrán participar jóvenes desde 6 años hasta 80. El itinerario es por la carretera de Cesar y será de seis kilómetros. Además habrá carrera de sacos para los chavales.

El domingo por la mañana las dianas y albo-

radas estarán a cargo de la Banda de Música de Arca. A las doce y media misa solemne cantada por el orfeón «Terra Nosa», que patrocina la Caja de Ahorros de Galicia. Finalizada la misa solemne, la tradicional procesión desde la iglesia parroquial hasta la «Fonte da Foca» —situada en el centro del pueblo— con ofrenda al Santísimo Sacramento. Después en el recinto de la Iglesia, concierto por la Banda de Música de Arca y presentación en la sesión vermout del conjunto músico-vocal «Los Dueños».

### Fútbol y verbena

A las seis y media y en el campo local de Cuatro Vientos se celebrará el partido de fútbol entre los equipos Vista Alegre-Sigüeiro, que disputarán el «I Trofeo Sacramento».

A partir de primeras horas de la noche y hasta altas horas de la madrugada, se celebrará la tradicional verbena, que será amenizada por el conjunto «Los Dueños» acompañados del conjunto-atracción «Os Tamara con Pucho Boedo».

La organización de esta fiesta al igual que las que se celebran el día 16 de septiembre en honor de Santa Eufemia, corren a cargo de la AA.VV. «Monte do Paraño», que cuentan con un presupuesto total de 800.000 pesetas.

## Agradecimientos:

Jesusa Barreiro Gómez  
Manuel Barreiro Ramos  
Montse Bouzas Lamas  
Xaime Carneiro Uzal  
Manuel Carnota Gómez  
Diego Conde Gómez  
Manuel Cruz Ferro  
M<sup>a</sup> Elena Espiñeira Raña  
Manuel Fraga Seoane  
M<sup>a</sup> Amelia Garza del Río  
Manuel Gómez López

Enriqueta Martínez Ramos  
Antonio Leira Piñeiro  
José Daniel Liste Moscoso  
M<sup>a</sup> Carmen Liste Raña  
José López Ramos  
M<sup>a</sup> Carmen López Seoane  
Enriqueta Maroño Montero  
Concha Mirás Rico  
Estrella Mirás Rico  
Concepción Mosquera Bóo  
Margarita Noya Mosquera

Rebeca Pazos Maroño  
M<sup>a</sup> Carmen Pequeño Pulleiro  
Ricardo Rico Mosquera  
Diego Ríos Noya  
Mayte Silva Tojo  
Eduardo Veiras Rey

### FOTÓGRAFOS/AS:

**Antonio Matías**  
**Ramón Regueiro**  
**Foto Silvia**  
**Foto de la Torre**

# Arquivo Histórico de Imaxes do Concello de Oroso

## ESCOLLE COMO COLABORAR:

**Trae** as fotos orixinais para escanealas (facerlles unha copia dixital) á sede do arquivo, situada no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa. Rúa da Cultura, 1 Sigüeiro (ao lado da Casa do Concello de Oroso) en horario de tarde.

**Manda** un correo electrónico para recibir información e posteriormente poder enviar as túas fotos. Utiliza tamén este correo para propor temas, facer suxestións ou calquera outra cuestión.

[arquivo.imaxes.oroso@gmail.com](mailto:arquivo.imaxes.oroso@gmail.com)  
[arquivoimaxes@concellooroso.com](mailto:arquivoimaxes@concellooroso.com)

**Chama** en horario de tarde ao teléfono 981 69 09 03. Se é preciso ocupámonos de recoller as túas fotografías e posteriormente devolvelas.

CONCELLO D

OROSO

[www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)